CCOO INFORMA

PAGO COBERTURA OPE

GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA

«« CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO »»

Informa o SERGAS do programa especial para o persoal GAFA que colabore na cobertura de quendas no día da OPE, **fóra da súa xornada ordinaria**.

Data do exame: domingo 8 de novembro ás 16:00 horas

O programa especial consiste en:

Quendas a cubrir:	Pago:	Contía: (orde de nóminas)
8 de novembro de mañá	2 módulos de festivo	63,49 € x 2
8 de novembro de tarde	2 módulos de festivo	63,49 € x 2
8 de novembro de noite	2 módulos de noite	35,80 € x 2

E, **a maiores**, poderá optarse por:

- O tempo traballado por enriba da xornada **pode ir a cómputo de xornada** o que implicará **unha libranza a maiores**.
- Ou **abonar a prezo de xornada ordinaria realizada a maiores**. No caso da categoría de GAFA, será un importe bruto de **14,13 €/hora**.

Dito abono autorízase ante a dificultade de cobertura, no caso de non dispoñer de profesionais nas listaxes de nomeamentos temporais e só para as categorías deficitarias.

5 de novembro do 2026